

⇒ Características produtivas

A vianesa é unha raza rústica adaptada ao medio montañoso e de gran lonxevidade. A súa aptitude na actualidade é a de produción de carne de calidade, aínda que ten unha boa produción leiteira o que favorece un bo crecemento dos becerros nos primeiros meses de vida.

⇒ Datos xerais

Esta raza foi utilizada tradicionalmente en labores agrícolas ao ser un animal moi rústico e vigoroso. A medida que os labores agrícolas se foron mecanizando o número de exemplares foi descendendo e fóronse substituíndo por outras razas con mellor produción cárnica e leiteira.

A Asociación de Criadores da Raza Bovina Vianesa, situada no pazo de Fontefiz (Coles, Ourense) é a responsable da xestión do libro xenealóxico da Raza Vianesa e do programa de conservación da raza.

Aula temática Pinzás

U3

Aprendo na casa...

A maioría das razas autóctonas bovinas galegas deben os seus nomes as súas rexións de orixe. Para coñecer máis sobre elas, intenta relacionar cada raza coa súa rexión de orixe:

Cachena

Concello de Viana do Bolo

Caldelá

Serra do Xurés

Frieiresa


Comarca de terra das Frieiras

Limíá

Comarca da Limia

Vianesa




Comarca de terra de Caldelas



Cachena - Serra do Xurés
Caldelá - Comarca de terra de Caldelas
Frieiresa - Comarca de terra das Frieiras
Limíá - Comarca da Limia
Vianesa - Concello de Viana do Bolo

As razas autóctonas en perigo de extinción: as vacas vianesas

comunidade montes de pinzás





Razas autóctonas

En Galicia contamos con 10 razas de gando autóctono ameazado:


Son todas aquelas con orixe en España, que deben ser conservadas como patrimonio xenético propio, para favorecer a súa expansión e evitar o seu abandono e extinción, ao dispor na súa maioría de escasos censos poboacionais e estar sometidas a factores de risco, con diversos grados de ameaza, existindo dous tipos:

- Razas autóctonas de fomento
- Razas autóctonas ameazadas

Neste último grupo atópanse aquelas que están clasificadas como en perigo de extinción segundo o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España.



Avícola



Bovino



Raza Caldelá



Raza Cachena



Raza Frieiresa



Raza Vianesa



Raza Limiá



Equino



Cabalo de Pura Raza Galega



Ovino / cabrún



Cabra Galega



Ovella Galega



Porcino




Porco Celta

As vacas vianesas

Orixe e distribución xeográfica

Esta raza autóctona en perigo de extinción toma o seu nome do concello de Viana do Bolo, na provincia de Ourense da que é orixinaria. Actualmente está presente nas catro provincias galegas e en Castela e León, aínda que cunha maior presenza na provincia de Ourense.



Morfoloxía

Os **CORNOS** son en gancho curto con media lúa nos machos e alongados nas femias, nas que nacen por diante da liña de prolongación da testa, diríxense lateralmente e logo cara a diante e arriba, para continuar describindo unha ampla espiral e rematar coas puntas cara a atrás. Son de cor anacarada pola cepa e pa, coas puntas escurecidas

A **CABEZA** é de tamaño pequeno, coa cara alongada que se estreita cara ao fociño, onde presenta mucosas escuras e orla abrancazada


As **ORELLAS** son grandes e peludas

O **PESCOZO** é proporcionado ao tamaño corporal, máis longo nas femias e con **XUGUEIRA** lixeiramente desenvolta nos machos

A **BADANA** é evidente

As **EXTREMIDADES** son de lonxitude media, ben dirixidas e apomadas, con articulacións robustas


Os **PEZUÑOS** son duros e resistentes



O **TRONCO** é amplo e a liña dorso-lumbar tende á horizontalidade

A **CRUZ DOS CADRÍS** está a maior altura que o dorso e o lombo e móstrase lixeiramente derrubada

Os **CADRÍS** son de escasa formación



A **CAPA** é castaña, con expresións máis escuras nos bois e máis claras ou louras nos xatos. Os tons máis escuros nunca faltan en cabos e extremos, pero tamén se distribúen con intensidade polas diversas rexións corporais dando lugar a unha variada presentación de particularidades (caras afumadas, ollalado, listón, lombardo, alabardo, aldinegro etc.) Son características etnomónicas as abundantes formacións pilosas máis claras e bastante caídas sobre a fronte, «guedella», e no pavillón auricular, «pendentes»

O **UBRE** está ben inserido, con tetos simétricos e pel fina con abundante protección pilosa